



MANIFESTO DE UGT E CCOO: MOBILIZACIÓNS 2 DE FEBREIRO COS DEREITOS DA XENTE NON SE XOGA

O vindeiro domingo, 2 de febreiro, CCOO e UGT convocamos mobilizacións en todo o Estado para denunciar o uso oportunista dos dereitos sociais e a protección da maioría social e, particularmente, aos máis vulnerables.

As persoas e os seus dereitos non poden ser reféns da loita partidista nin dos intereses inmediatos dalgúns partidos políticos. Por diante da clase traballadora, os pensionistas e os colectivos máis vulnerables, non poden estar as estratexias políticas.

Custounos moito conseguir un sistema de pensións público e sostible, e non imos permitir que agora sexa ameazado por disputas cortoplacistas que buscan debilitalo en favor da súa privatización.

Por que nos mobilizamos

Manifestámonos porque o Parlamento debe estar ao servizo da xente, non de estratexias de voo curto que só conseguen desprestixiar a quen as realiza e teñen efectos negativos sobre as institucións democráticas que deben defender. A non validación do Real Decreto Lei 9/2024 puxo en risco medidas sociais fundamentais que afectan a millóns de persoas:

- Máis de 10 millóns de pensionistas vían ameazada a revalorización das súas pensións.
- 2 millóns de beneficiarios do Ingreso Mínimo Vital (IMV) quedaban na incerteza sobre a súa protección.
- O incremento das pensións mínimas entre un 6% e un 9% estaba en perigo.
- As axudas para as vítimas da DANA e o volcán da Palma quedaban bloqueadas.
- A moratoria de desafuzamentos para familias vulnerables víase paralizada.
- O apoio ao transporte público poñíase en cuestión para máis de 20 millóns de persoas usuarias.

Non podemos permitir que estes dereitos sexan moeda de cambio nunha disputa estéril e artificial co falso argumento de se as medidas deben presentarse xuntas ou separadas en distintos decretos, cando é notorio que o propósito e intención era aproveitar a ocasión para castigar a un Goberno, por distintos motivos, pero sobre as costas de máis da metade de poboación do país. O importante non é como se tramitan, senón que se aproben e entren en vigor.

Garantir as pensións e reforzar a Seguridade Social

Queremos a revalorización das pensións, pero tamén a súa sustentabilidade. Por iso, esiximos que se respecten as medidas destinadas a robustecer o sistema público de pensións e que forman parte dos acordos alcanzados no diálogo social; aumento da base máxima de cotización e cota de

solidariedade dos salarios moi altos, que contribúan máis os que máis gañan, e que se siga incrementando a hucha das pensións co reforzo do MEI.

Non se pode defender a subida das pensións sen garantir os recursos para financiarlas. Algúns partidos apoian a revalorización, pero rexeitan os ingresos que a fan posible. Iso é poñer en risco o sistema e abrir a porta á súa privatización.

Un paso adiante, pero seguimos na rúa

O Goberno aprobou este martes un novo Real Decreto Lei 1/2025 co paquete de medidas sociais que foran bloqueadas. Agora a responsabilidade está nos grupos parlamentarios.

Anunciaron que, esta vez si, apoiarán:

- ✓ O transporte público asequible.
- ✓ A paralización de desafiuzamentos.
- ✓ O incremento das pensións contributivas, non contributivas e mínimas.
- ✓ O reforzo do Ingreso Mínimo Vital.
- ✓ As axudas aos afectados pola DANA e o volcán da Palma.

Pero isto non foi gratis. Conseguiuse porque a cidadanía, os sindicatos e os colectivos sociais temos alzado a voz. E por iso seguimos na rúa.

Porque os dereitos da xente, especialmente dos máis vulnerables, non poden ser reféns de intereses partidistas que só buscan o seu beneficio inmediato.

Non son estas as únicas cuestións que estaban e están en xogo.

Nos meses inmediatos ten que tramitarse nas Cortes a redución de Xornada a 37,5 horas que acordamos co Goberno.

A ausencia de orzamentos xerais do Estado para 2025 e a situación de prórroga orzamentaria na que nos atopamos desde 2023 afecta directamente a un gran número de políticas públicas que se ven en serias dificultades para concretarse.

Chamamento á mobilización

O anuncio de mobilizacións e a indignación social produciron os seus primeiros resultados coa aprobación deste RD Lei 1/2025. Congratulámonos diso e mantemos a iniciativa mobilizadora, en confluencia cun relevante número de organizacións, plataformas e movementos sociais, para esixir responsabilidade e compromiso.

- Que os grupos parlamentarios cumpran coa súa palabra e aproben o novo Real Decreto Lei sen máis dilacións.
- Que se ocupen das necesidades da xente e non volvan utilizar os seus dereitos como moeda de cambio.

- Que nunca máis se poña en risco a protección social da maioría social deste país.
- Que non se bloquee o funcionamento das institucións de forma oportunista, provocando elevados custos á cidadanía, evitando poñer en marcha medidas necesarias que necesitan da aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado. Entre outras:
 - Implementar en toda a súa extensión os fondos europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e resiliencia. Iso debe incluír a reforma fiscal comprometida, necesaria para implementar políticas públicas e investimentos imprescindibles no tecido produtivo, infraestruturas, redes de protección, ... Tamén debe facilitar a comprometida renovación do sistema de financiamento autonómico.
 - Incrementar o financiamento e calidade do emprego e dos servizos de atención á dependencia.
 - Desenvolver unha estratexia de coidados que mellore a calidade dos mesmos para a poboación dependente (infancia, velez, persoas dependentes...), reforzando as infraestruturas necesarias e eliminando o enorme impacto de xénero que ten para as persoas coidadas e para as persoas coidadoras, moi maioritariamente mulleres.
- Que se cumpran os compromisos adquiridos coas persoas traballadoras en materia de redución da xornada legal máxima a 37,5 horas.

🔊 **O 2 de febreiro, enchamos as rúas para defender os nosos dereitos.**

🌐 **Porque cos dereitos da xente non se xoga.**

UGT e CCOO: Unidos polos dereitos sociais.